



REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DE LOCAIS CULTURAIS REXIDOS POLO PADROADO DA CULTURA DO CONCELLO DE NARÓN

O Concello de Narón decidiu en 1981 poñer en marcha o Padroado da Cultura, como organismo autónomo, coa finalidade de darlle vía á participación dos sectores implicados no fenómeno cultural.

A sede do Padroado da Cultura e das actividades culturais do Concello de Narón establécese no Pazo da Cultura, na rúa Holanda s/n deste concello. O regulamento de funcionamento e uso do Pazo da Cultura e locais adscritos ao servizo regulará os servizos que dende o Padroado de Cultura se realicen neste centro e nos demais centros dedicados á cultura no Concello de Narón.

CAPÍTULO 1. –Definición da sede do Padroado- Pazo da Cultura

O Pazo da Cultura é o equipamento cultural do Concello de Narón de maior magnitude adscrito ao servizo de Cultura cuxa responsabilidade en materia de funcionamento cultural corresponde ao Padroado de Cultura deste Concello.

O Padroado da Cultura naceu coa dobre finalidade de promover servizos e actividades que favorezan o acceso á cultura e de procurar a participación e implicación da cidadanía no desenvolvemento cultural da localidade.

A misión do Pazo da Cultura é articular un espazo cultural singular, de calidade e interese, en base á colaboración e participación entre os diferentes axentes, para dar resposta ás necesidades e expectativas culturais da sociedade naronesa.

O Auditorio municipal é un centro cultural adecuado para pequenas representacións e a formación e introdución da mocidade no mundo da cultura. A súa xestión cultural corresponde ao Padroado de Cultura.

Existen, ademais, algúns espazos no edificio denominado “Casa da Cultura” que tamén xestiona o Padroado de Cultura. En todo caso, as referencias ao Auditorio entenderanse aplicables aos espazos da Casa da Cultura nos que se realizan actividades culturais.

O Padroado de Cultura xestionará funcionalmente calquera local municipal que se utilice para fins exclusivamente culturais.

Os indicados espazos, como edificios públicos municipais, están incluídos no Inventario Municipal, sen que exista adscripción específica ao Padroado de Cultura, polo que a responsabilidade na conservación xeral dos edificios corresponde directamente á Administración xeral do Concello de Narón.

CAPÍTULO 2.- Xestión cultural dos Centros

O Padroado de Cultura é o responsable do funcionamento cultural dos Centros e da coordinación e seguimento das actividades que se desenvolvan nos mesmos.

O director técnico do Padroado de Cultura é o responsable técnico da xestión cultural, tanto do equipamento como da coordinación e seguimento das actividades, cursos e espectáculos que se levan a cabo nos centros culturais; é responsable do bo funcionamento dos servizos e de facer cumprir a normativa aplicable en relación ao uso das instalacións e a seguridade na coordinación de actividades; supervisa a execución dos contratos subscritos coas empresas que prestan servizos para o Padroado de Cultura dentro e fóra dos centros culturais indicados (Pazo da Cultura e Auditorio) e ostenta



igualmente a responsabilidade na coordinación dos servizos de limpeza e mantemento dos centros.

Respecto ás actividades que xestiona directamente o Padroado de Cultura, o Director técnico dirixe a actividade cultural como responsable directo dos empregados do Padroado. Propón o uso e planificación de horarios e salas, informando as peticións que se realicen ao respecto, que logo deberán ser aprobados pola vicepresidencia do Padroado mediante Resolución; dirixe as escolas municipais e as actividades culturais que se realicen fóra dos centros culturais e elabora a programación cultural do Concello de Narón.

CAPÍTULO 3.– Usuarios/as

Defínense como usuarios/as do Pazo da Cultura/auditorio municipal as entidades ou persoas que realicen actividades ou que acudan como espectador, alumno ou participante en calquera calidade, nas actividades e espectáculos que se poidan desenvolver no Pazo da Cultura; Auditorio municipal, Casa da Cultura e outros edificios ou instalacións nas que puntualmente se poidan realizar actividades culturais xestionadas polo Padroado de Cultura. Non terán a condición de usuarios/as os participantes profesionais de compañías e espectáculos que presten servizos para o Padroado de Cultura.

Todas as entidades e persoas usuarias posúen idénticos dereitos:

- Uso e goce dos espazos e salas contratados.
- Uso e goce dos medios materiais postos a disposición da actividade polo Padroado de Cultura.
- Recibimento dunha copia desta normativa no momento de formalizar a súa solicitude.
- Curso dunha reclamación, queixa ou suxestión en instancia dirixida ao Padroado de Cultura.

Son obrigas das entidades e persoas usuarias dos centros:

- Respetar a asignación de salas e horarios.
- Manter a limpeza do centro e a súas salas.
- Utilizar adecuadamente o equipamento e mobiliario do Centro.
- Atender as indicacións que lles faga o Persoal do Padroado de Cultura.
- Cumprir as normas de utilización que o Centro determine para cada espazo ou sala.
 - Acceder ao recinto seguindo as estritas normas de uso respecto a vestimenta; alimentos e bebidas e permanecen visibles ao público.
- Comunicar ao persoal do Padroado os danos ocasionados ou detectados.
- Pagar a taxa o prezo público, no seu caso, polos servizos prestados.

O uso indebido das salas e o incumprimento das obrigas referidas neste regulamento poderán ser motivo de sanción que poderá constituír na prohibición de uso das instalacións.

O Pazo da Cultura e o Auditorio Municipal non poderán ser sede de ningunha entidade ou colectivo, aínda que teñan convenio de uso continuado ou ostenten contrato administrativo de prestación de servizos.

As entidades que teñan un convenio de colaboración subscrito co Padroado para o desenvolvemento de actividades culturais, así como as empresas adxudicatarias de



servizos culturais, poderán dispor dun espazo nalgún dos edificios culturais para a xestión do convenio/servizos prestados.

CAPÍTULO 4. –Actividades.

As actividades a desenvolver nos espazos culturais serán fundamentalmente de ámbito artístico, cultural, educativo e sociocultural, entendéndose como tales as seguintes:

- Cursos e obradoiros culturais.
- Conferencias, charlas e mesas debate.
- Seminarios, xornadas e congresos.
- Representacións teatrais de danza, ópera ou calquera outro espectáculo cultural.
- Concertos e audicións.
- Exposicións.
- Proxeccións e audiovisuais.
- Accións de promoción da cultura.
- Ensaio de grupos de música, teatro e danza.
- Organización de festas e eventos tradicionais.
- Práctica de artes plásticas, produción, audiovisuais e comunicación.

CAPÍTULO 5.– Espazos e horarios

1.- Espazos. O Concello de Narón posúe tres edificios de ámbito cultural: O Pazo da Cultura, sede do Padroado da Cultura; o Auditorio Municipal; e diversas estancias na Casa da Cultura.

No Pazo da Cultura podemos distinguir dous tipos de espazos, atendendo as súas características:

- **De uso exclusivo:**
- Área Administrativa.- conta con 5 espazos, con despachos para persoal do Padroado, atención ao público, e unha oficina para empresa adxudicataria de servizos e despacho de billetes.
- Almacén
- **De uso público:**
- Vestíbulo- sala de exposicións.
- Espazos polivalentes destinados a escolas, salas de ensaio, obradoiros, etc.
- Café teatro, para pequenas representacións, conferencias e clases.
- Teatro

2. Horarios

A.- Oficinas

O horario de atención ao público en oficina será:

- Horario de inverno (de 1 de outubro a 31 de maio) de luns a xoves e 9:00 a 13:30 h. e de 17:30 a 19:00 h., e venres de 9:00 a 13:30 h.
- Horario de verán (de 1 de xuño a 30 de setembro) de luns a venres e 9:00 a 13:30 h.

B. - Escolas



O horario das escolas será o que se determine no Plan de usos, que se aprobará mediante resolución da vicepresidencia unha vez concluído o período de matriculación e antes do comezo de cada curso.

C.- Despacho de billetes

O horario do despacho de billetes establécese de luns a venres de 9:30 a 14 e de 17:00 a 20:30 h e sábado de 10:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:30 h.

Cando haxa funcións o domingo, o despacho de billetes abrirá unha hora antes do espectáculo.

Durante o mes de agosto, por norma xeral, o Pazo permanecerá pechado e non haberá servizo de servizo de billetes.

D.- Auditorio municipal

Distínguense un espazo destinado á docencia da escola de teatro e outro destinado á exhibición de teatro afeccionado e teatro familiar.

A xerencia do Padroado de Cultura, a proposta da dirección técnica, poderá variar os horarios anteriores en función das necesidades que ocasionen as diversas actividades que se poidan organizar e/ou autorizar, sen que supoñan prexuízo económico para o Padroado.

E.- Casa da Cultura

O horario e uso dos espazos na Casa da Cultura dispoñeráse no Plan de usos, en función das ocupacións dos edificios anteriores, ben para o desenvolvemento de actividades das escolas ou para actividades culturais concretas.

3.-Normas xerais do uso de espazos exclusivos e actividade contratada nos edificios culturais

Defínense como espazos de uso exclusivo aqueles que foron deseñados para a prestación dun servizo e que non son susceptibles de ser cedidos, salvo que a dirección do Padroado o autorice excepcionalmente ou veña definido nos contratos subscritos polo Padroado.

O centro facilitará aos responsables das empresas contratadas para a xestión de servizos unha zona específica para a realización e xestión dos seus labores, así como os medios e recursos necesarios para a xestión contratada segundo se determine nos contratos subscritos. O persoal das empresas contratadas limitarán o exercicio das súas funcións aos espazos habilitados para ese fin e mentres permanezan no espazo municipal deberán estar perfectamente identificados e/ou uniformados pola empresa que presta o servizo.

Os coordinadores das empresas contratadas para a prestación de servizos culturais dentro dos edificios municipais, ou persoas con delegación acreditada, da/s empresa/s deberán estar a disposición da xerencia, dirección técnica ou persoa en quen deleguen, para recibir as instrucións necesarias para a prestación dos servizos contratados.

No exercicio da lexítima intervención administrativa de control, vixilancia e funcións que impliquen exercicio de autoridade, corresponde a supervisión dos servizos contratados con outras empresas á dirección técnica, que poderá en calquera momento indicar, de forma inmediata, ao persoal da empresa contratada as instrucións necesarias para a prestación adecuada do servizo, sen prexuízo da notificación formal á persoa designada pola empresa como coordinadora.



Todo o persoal que as empresas adxudicatarias de servizos dediquen á execución das prestacións obxecto dos contratos deberá estar integrado no persoal do adxudicatario e non terá ningún tipo de vinculación laboral con este Padroado. Na súa maior parte o persoal deberá estar contratado pola empresa previamente á prestación do servizo. Cando puntualmente o adxudicatario precise contratar novo persoal para a execución dun contrato, deberá realizarse baixo algunha modalidade de contratación que non vincule aos traballadores directamente aos servizos obxecto deste, senón directamente á empresa adxudicataria do mesmo, incluíndo a tal fin unha cláusula de mobilidade xeográfica nos respectivos contratos laborais.

As empresas adxudicatarias de servizos do Padroado de Cultura están obrigadas ao cumprimento da normativa vixente de coordinación de actividades empresariais en materia de riscos laborais (Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

O Padroado de Cultura resérvase o dereito de admisión, co fin de impedir o acceso das persoas que manifesten comportamentos violentos, ocasionen molestias ao resto de usuarios/as ou espectadores, ou dalgún modo condicionen o normal desenvolvemento do evento ou espectáculo.

O Padroado de Cultura non se responsabiliza da deterioración ou desaparición de calquera material propiedade dos/as usuarios/as, que deberá permanecer en todo momento baixo a súa custodia.

Se pola utilización das instalacións se producise a destrución ou deterioración dalgún elemento das mesmas, o causante, sen prexuízo do pago do prezo público a que houbese lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación.

O furto, a indisciplina, actos vandálicos e falta de respecto a usuarios/as, persoal do Padroado ou de empresas concesionarias resolveranse coa expulsión inmediata do recinto do infractor, sen prexuízo das accións subsidiarias que correspondan.

4.-Cesión de espazos e salas: condicións e criterios xerais

As salas específicas como espazos polivalentes poderán poñerse a disposición de entidades públicas ou privadas cando se trate de celebrar nelas calquera tipo de actividade de carácter extraordinario, provincial, autonómico, nacional ou internacional, sempre que se solicite cunha anticipación mínima de dous meses. A solicitude resolverase pola vicepresidencia do Padroado, determinándose, no seu caso, a taxa ou prezo público correspondente.

O Padroado de Cultura, na procura de unha maior rendibilidade cultural ao equipamento, poderá convir ou acordar con entidades, grupos ou artistas a cesión do uso do Teatro a cambio dunha contra prestación, en cuxo caso se asinará o correspondente convenio de colaboración.

En todo caso, serán obrigacións da entidade organizadora obter a autorización e facer efectivos os dereitos de propiedade intelectual que se deriven do desenvolvemento da actividade ante a correspondente entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual. A entidade organizadora tamén deberá contratar unha póliza de responsabilidade civil que cubra as posibles continxencias derivadas da actividade. O Padroado resérvase o dereito de comprobar a documentación correspondente.



O horario da actividade deberá axustarse ao horario da apertura e peche do espazo no que se realice.

Poderá esixirse unha fianza en función do que se determine no convenio, colaboración ou contrato de aluguer correspondente. A devolución da fianza, no seu caso, realizarase no prazo dun mes dende a realización do evento, no suposto de que o mesmo se produza con normalidade, sen incidencias das que poidan derivarse responsabilidades de calquera orde.

5.-Salas e espazos do Pazo da Cultura

No Pazo da Cultura poderán desenvolverse actividades de periodicidade continuada ou puntual, e de carácter ordinario ou extraordinario, previa autorización.

Defínense como actividades continuadas aquelas que se desenvolvan durante un período mínimo dun mes e máximo dun ano. Defínense como actividades puntuais aquelas que se desenvolvan durante un día ou dous. Defínense como actividades ordinarias aquelas cun ámbito artístico, cultural, educativo ou sociocultural. Defínense como actividades extraordinarias o resto de actividades para as que se ceda o espazo.

Será responsabilidade da dirección técnica do Padroado de Cultura a emisión da proposta de planificación e distribución dos espazos e salas dos centros culturais. A aprobación do plan regular de usos ordinarios, que se elaborará despois do remate do período de matriculación das escolas e antes do inicio do curso, así como a aprobación das cesións para usos extraordinarios farase mediante Resolucións da vicepresidencia do Padroado.

En ningún caso se autorizará o uso de espazos ou salas para a realización de actividades que supoñan discriminación por xénero, raza, ideoloxía, orientación sexual ou calquera outra clase de discriminación

En todo caso, as autorizacións de uso dos espazos e salas estará subordinada ás necesidades de utilización que teña o Padroado de Cultura para o desenvolvemento dos seus programas e actividades

Poderán cederse os espazos e salas do Pazo da Cultura e Auditorio de forma gratuíta para a realización de actividades cando as solicitudes proveñan de Servizos e áreas do Concello de Narón

Para o resto de solicitudes de uso de espazos e salas xirarase a correspondente taxa atendendo ao que estableza a ordenanza reguladora en vixencia:

- Asociacións, sociedades e colectivos inscritos en el Rexistro Municipal de Entidades.
- Centros escolares públicos da localidade e Centro de Saúde.
- Grupos políticos con representación na corporación municipal.
- Entidades ou artistas que ofrezan contra prestacións de interese para o Servizo de Cultura, asinándose nese caso o correspondente convenio de colaboración.
- Outras entidades

Poderán establecerse bonificacións ao pago das taxas establecidas na Ordenanza fiscal correspondente.

Na instancia de solicitude deberá sinalarse a entidade e/ou persoa que realiza a solicitude, a actividade a desenvolver, día, horario, duración e número previsto de participantes.



Unha vez concedido o espazo, a entidade deberá realizar o pago da taxa correspondente a través de transferencia bancaria á conta que se indique na resolución de concesión, e inmediatamente a notificación da mesma, en todo caso, a taxa deberá estar aboada antes de iniciar a distribución ou venda de entradas

Non se asignará un espazo de forma exclusiva e permanente a ningunha entidade ou persoa.

CAPÍTULO 6.- O Teatro: condicións de cesión e uso.

O Teatro do Pazo da Cultura destinarase fundamentalmente á realización do programa de espectáculos do Padroado de Cultura (música, teatro, danza,...) e o programa de actividades en xeral (conferencias, festivais, entrega de premios, etc.).

6.1.- Normas xerais de uso do Teatro:

Para o acceso á sala é imprescindible mostrar a entrada/invitación correspondente ao persoal habilitado.

Durante a representación, a sala permanecerá en silencio, non estando permitidos os sinais acústicos producidos polos móbiles ou aparellos electrónicos, podendo ser expulsado polo persoal da sala aquelas persoas que incumpran a norma.

Unha vez comezada unha representación non se permitirá o acceso á sala ata que se produza unha interrupción ou descanso na mesma.

Non se permite fumar nos edificios nin existen zonas habilitadas (Lei 28/2005 de 26 de decembro).

Para respectar os dereitos dos creadores e artistas, non está permitido realizar ningún tipo de captación sonora ou visual (cámaras de foto/vídeo/móbil) en ningún tipo de soporte, salvo autorización expresa e previa do responsable da sala, e en ningún caso se poderá utilizar o flash nin outro tipo de alumeado.

A apertura do Pazo e o Auditorio para a representación de espectáculos farase segundo o programa de actividades aprobado, tendo en conta que o acceso ao recinto se realizará entre quince e corenta e cinco minutos antes da hora determinada para o inicio da representación, en función da ocupación prevista. Durante o espectáculo non se poderá acceder ao recinto de representación agás razón de urxencia ou emerxencia.

As entradas e portas de emerxencia, deberán permanecer accesibles e libres de calquera elemento que impida o seu uso durante o espectáculo

Non se permite a entrada de bebidas ou comidas de ningún tipo á sala, podendo ser expulsado polo persoal da sala aquelas persoas que incumpran a norma.

No suposto de que se superase o aforo da sala, o persoal encargado dos accesos impedirá o entrada de máis público, sen prexuízo da compensación que correspondese aos mesmos se exhiben entrada ou invitación lexítima.

Aplicando a Lei de espectáculos públicos en Teatros, a idade mínima para acceder ás salas é de 5 anos, salvo espectáculos programados para menores desa idade e espectáculos para público familiar. En todos os casos, os menores deben estar acompañados por un adulto. Cando o espectáculo admita a menores de 5 anos, e co obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso ás salas con coches de bebés, deixando estes nos lugares especialmente habilitados: vestíbulo do teatro.



Cambios de programación: Por circunstancias imprevistas, o Padroado de Cultura, poderá alterar datas, horarios, programas e intérpretes, comunicando a circunstancia no taboleiro do Pazo da Cultura e na páxina web do Padroado.

6.2.- Entidades e compañías actúantes

As compañías terán á súa disposición os servizos do Padroado, técnicos (luz e son) e escénicos, así como as dependencias de camerinos.

As montaxes e os desmontes deberán realizarse, como regra xeral, no mesmo día da función. Só por razóns técnicas e horarias se poderá realizar a montaxe cun ou máis días de antelación á representación

Uso dos camerinos.- Padroado de Cultura non se responsabiliza da perda, roubo ou deterioración do material das Entidades ou artistas nos camerinos.

Almacéns.- Cando as compañías ou artistas necesiten depositar e gardar materiais de traballo mentres dure a autorización de uso, a petición farase por escrito, como mínimo con quince días de antelación, na que constará o nome da entidade ou persoa usuaria, e a relación do material a depositar. O Padroado de Cultura non se responsabiliza da perda, roubo ou deterioración do material.

As entidades e compañías contratantes ou actúantes están obrigadas ao cumprimento da normativa vixente de coordinación de actividades empresariais en materia de riscos laborais (Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

6.3- Fórmulas de pago das entradas:

O anuncio e posterior disposición de entradas para a venda requirirá da previa aprobación polo Padroado da celebración da actividade e, se correspondese, da taxa aplicable e gasto correspondente, segundo o caso.

O pago das entradas no despacho de billetes realizarase en efectivo ou con tarxeta de pago mediante o TPV.

A venda de entradas a través da páxina web do Padroado efectuarase a través da pasarela “Padroadodacultura”.

O Padroado dispón dun sistema de abonos para os espectáculos incluídos na súa programación cultural, atendendo ao dobre criterio de fidelidade dos espectadores e de dar facilidades de acceso.

- Os abonados terán dereito a unha reserva de fila e butaca predeterminada.
- Un 30 % de desconto nos espectáculos organizados polo Padroado, tendo en conta que o teatro pode ser alugado por outras compañías cuxa entrada non depende deste e por tanto non dá lugar a desconto.
- Para facer uso do seu abono, antes do espectáculo, segundo se indique polo Padroado en cada ciclo, o abonado deberá facer reserva previa, no despacho de billetes, presencial ou telefonicamente a través da web do Padroado.
- Envío periódico de información a través do correo electrónico ou ordinario (só baixo solicitude).
- A tarxeta de abono é persoal e intransferible. Os seus descontos non son acumulables coa liña de descontos habituais do teatro.

6.4.- Tipos de espectáculos pola súa forma de xestión



6.4.1.- Espectáculos a caché. Incorporados na programación propia do Padroado ou nalgunha das redes de teatro das que o Padroado forma parte. A compañía actúa polo importe dun caché achegando o Padroado os medios técnicos para a execución do espectáculo

a) Contratación a caché fixo dos espectáculos de compañías profesionais, indicándose o importe do mesmo, así como as necesidades técnicas solicitadas, incluído persoal de carga e descarga, e o día e a hora do espectáculo. Todo iso quedará reflectido no contrato que previamente será asinado polas partes.

b) Contratación a caché fixo máis porcentaxe de despacho de billetes. Nos espectáculos contratados a través de AGADIC, ou doutras entidades, con máis dunha función. A fórmula de liquidación quedará reflectida no contrato que previamente será asinado polas partes.

En ambos casos pode ser financiada conxuntamente con outros organismos, determinándose no acordo de aprobación a parte financiada polo Padroado e a parte financiada por outra administración.

6.4.2.- Contratación a despacho de billetes. O teatro poderá contratar funcións mediante a fórmula coñecida como a despacho de billetes, que supón a entrega á compañía dunha parte da recadación a cambio da súa representación ou actuación, aplicando as taxas aprobadas na ordenanza fiscal. O acordo será tomado pola Vicepresidenta do Padroado a proposta do director técnico, e nel se definirá o prezo do espectáculo e a porcentaxe de despacho de billetes que se cede á compañía. Neste caso, o abono do despacho de billetes producirase previa presentación de factura por parte do contratante, a devandita factura estará en función das entradas vendidas polos distintos medios de venda. Todo iso quedará reflectido no contrato que previamente será asinado polas partes.

No aluguer do Pazo para entidades de carácter docente poderase facer efectiva a taxa correspondente a través da venda de entradas no primeiro día de venda.

6.4.3.- Contratación dentro dos programas de redes de teatro autonómicas ou estatais

A contratación de actuacións artísticas incluídas dentro de programas de redes de teatro autonómicas ou estatais estará determinada polo que se contemple nos convenios coas entidades xestoras dos programas, previamente aprobados polo Padroado, axustándose se fose necesario ao modelo de contrato establecido nos mesmos.

6.4.4.- Outras actividades. Salas de Exposicións: condicións de cesión e uso

As salas de exposicións do Pazo da Cultura destinaranse fundamentalmente á realización do programa municipal de artes plásticas (pintura, escultura, fotografía, ilustración, gravado, vídeo arte...), artes decorativas e artesanais, así como ás accións de difusión do patrimonio documental, etnográfico e científico. As autorizacións de uso da sala de exposicións a entidades ou artistas estarán subordinadas ás necesidades de utilización que teña o Padroado da Cultura para o desenvolvemento do seu programa de difusión das artes plásticas, decorativas e artesanais.



O Padroado de Cultura soamente cederá a súa Sala de exposicións cando as exposicións a instalar sexan de carácter artístico, cultural, didáctico, científico ou etnográfico.

Establécense as seguintes condicións de cesión e uso:

-Petición: Os/as artistas que desexen expoñer nas salas deberán solicitalo por escrito. Dita solicitude deberá ser entregada en Administración do Pazo da Cultura no horario de atención ao público. A solicitude deberá acompañarse de:

- Traxectoria profesional (estudos, exposicións realizadas, premios obtidos, referencias de críticas artísticas en prensa, etc.).

- Catálogos de exposicións anteriores.

- Fotografías en cor das obras a expoñer, ben de tamaño non inferior a 9 x 12 cm. ou ben en soporte dixital.

A duración de cada exposición será en xeral de dúas semanas como mínimo e un mes como máximo. Estas datas serán decididas polo Padroado de Cultura. A apertura e peche da Sala será realizada polo Padroado da Cultura.

A vicepresidencia do Padroado aprobará a admisión ou desestimación de solicitude e concesión de datas de exposición, previo informe do director técnico. O artista que reciba sinalamento de datas, en resposta a súa solicitude, deberá dar a súa conformidade no prazo de 10 días. De non facelo así, entenderase que renuncia á exposición na data sinalada.

Transporte e seguro: Todos os gastos de transporte, envío e devolución da obra, serán por conta do/a expositor/a quen, pola súa conta, deberá asegurar as obras entregando copia da póliza do seguro na Administración do Pazo o día anterior ao inicio da exposición.

O Padroado de Cultura non se responsabiliza dos danos que se puidesen producir por accidente, roubo, incendio, catástrofe, etc. que poidan determinar a destrución total ou parcial das obras.

A montaxe e obra artística: O artista está obrigado a ocuparse persoalmente ou a través de representante debidamente acreditado, da montaxe e o desmonte da exposición.

Non se poderá utilizar materiais que danen as paredes (cravos, chinchetas, adhesivos, etc.), salvo autorización expresa da dirección técnica do Padroado.

Publicidade: O Padroado anunciará a exposición no seu programa oficial de actos, sempre que estea confirmada a mesma antes da edición do programa correspondente. Noutro caso, unicamente se lle dará publicidade na páxina web do Padroado.

A edición e envío de invitacións e catálogos corresponde ao artista.

Taxa: as taxas de utilización virán determinadas na ordenanza fiscal correspondente.

Aceptación condicións: Para cantas cuestións puidesen suscitarse na aplicación do presente Regulamento, o expositor, con renuncia a calquera outro foro, sométese expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de Ferrol. En todo o non previsto, así como en cantas dúbidas ou cuestións puidese suscitar a interpretación destas normas, estarase ao que resolva o Padroado da Cultura cuxa decisión será inapelable.

CAPÍTULO 7. Control de calidade dos servizos.

A efectos de constatar a calidade dos servizos prestados directamente ou a través de entidade mediante convenio ou de empresa adxudicataria, o Padroado poderá elaborar para posterior avaliación e toma de decisión:

- Enquisas aos usuarios e cidadáns.



- Control de número de usuarios e grao de ocupación.
- Informes de expertos sobre a calidade do servizo.
- Número de consultas realizadas á páxina web.
- Queixas presentadas.
- Suxestións formuladas.
- Felicitacións ou críticas recibidas

Dos resultados darase conta á Xunta do Padroado.

ANEXO I

NORMAS DE XESTIÓN DAS ESCOLAS CULTURAIS

1.-NORMAS COMÚNS ESCOLAS DO PADROADO.-

1.1-DEFINICIÓ

As escolas municipais do Padroado de Cultura do Concello de Narón defínense como un servizo público de carácter docente e artístico, que ten como finalidade xeral ofrecer unha formación práctica en música, teatro, pintura, e calquera disciplina dirixida á formación cultural dos/as pequenos/as e aos/as afeccionados/as de calquera idade, sen prexuízo da súa función de orientación a estudos profesionais de quen demostren unha especial vocación e aptitude.

Para garantir a calidade educativa no cumprimento dos seus obxectivos, as Escolas Municipais do Padroado de Cultura deberán abarcar, como oferta básica, os seguintes ámbitos de actuación:

- Introducción á formación artística para nenos.
- Práctica artística sen límite de idade.
- Creación de formacións artísticas e grupais.
- Fomento da exhibición artística dos alumnos.
- Orientación para a práctica profesional da arte estudada.

1.2-NORMAS COMÚNS

A formación nas escolas municipais culturais terá un carácter teórico-práctico. A formación práctica deberá seguir un esquema evolutivo que permita unha asimilación integral e gradual do desenvolvemento da actividade pasando por distintos graos de formación.

Na medida das posibilidades, as escolas culturais irán dirixidas á creación de grupos artísticos profesionais ou a dotar das competencias necesarias aos alumnos dos últimos cursos para o desenvolvemento profesional da disciplina que se imparta.

A matriculación nas escolas suporá tamén a obriga de participación no programa de actividades que estas desenvolvan durante o curso, salvo causa xustificada.

As escolas municipais poderán ser xestionadas directamente polo Padroado de Cultura ou, indirectamente, a través de convenios con entidades artísticas sen fins de lucro, ou empresas adxudicatarias de servizos conforme estableza a LCSP. En caso de que a prestación dos servizos de escolas se realice indirectamente a través de entidades con



convenio e/ou empresas adxudicatarias, en ningún caso se producirá vinculación laboral algunha entre o persoal das entidades ou empresas prestatarias e o Padroado de Cultura. No suposto de xestión indirecta das escolas, esta poderá comprender a totalidade da xestión da escola ou exclusivamente a docencia. En todo caso, o Padroado resérvase o dereito de supervisión, inspección, control e dirección final das mesmas.

Inscricións.- As matriculacións para as escolas do Padroado da Cultura realizaranse nas oficinas do Pazo da Cultura, no horario de atención ao público, e no prazo que a tal efecto se indique na web do Padroado, sen prexuízo de que o Padroado poida determinar outros locais a proposta da adxudicataria. No suposto das escolas obxecto de convenio con entidades sen fin de lucro que asuman a súa xestión, esta será realizada directamente pola entidade.

No suposto de que as escolas do Padroado sexan obxecto de xestión indirecta a través de empresa de servizos específica, as matriculas poderán ser realizadas pola empresa adxudicataria, se non se especifica nada en contra nos pregos ou contrato administrativo correspondente.

En caso de que por imposibilidade material espacial ou persoal, non puidesen atenderse todas as solicitudes de acceso ao servizo formarase unha lista de agarda, na que se seguirá tamén a orde de inscrición para cobertura das baixas o vacantes que puideran producirse durante o curso. En todo momento, o Padroado deberá coñecer o estado das listas de espera.

As entidades con convenio subscrito co Padroado para a prestación de servizos de escolas culturais e as empresas adxudicatarias dos servizos disporán de espazos e medios concretos, preferentemente no Pazo da Cultura ou no Auditorio Municipal, para a xestión administrativa e docente das escolas.

O profesorado das Escolas Municipais, tanto se é contratados polo Padroado de Cultura en réxime de prestación directa como se é persoal contratado pola empresa adxudicataria do servizo, deberá estar en posesión de titulación ou experiencia que acredite a súa capacidade profesional e docente.

Antes do remate do curso procederase á avaliación dos resultados, formativos e de calidade, de cada unha das escolas. No suposto de que a escola preste o servizo a través de xestión directa esta se realizará directamente pola dirección técnica do Padroado; no suposto de escolas que presten o servizo a través de entidades con convenio ou a través de empresa contratadas serán estas entidades ou empresas as encargadas de facer a proposta de avaliación correspondente e elevala a dirección técnica para a súa comprobación e aprobación no seu caso. A dirección técnica, se estima que os indicadores de avaliación non son adecuados ou suficientes, poderá instar ás entidades con convenio ou empresas adxudicatarias a completar a avaliación indicando os criterios a considerar.

Rematado o curso, a dirección técnica elaborará a memoria xeral con indicación dos resultados das avaliacións correspondentes a cada escola. Desta memoria darase conta á xerencia e á Xunta do Padroado.

Antes do mes de setembro, e en todo caso, antes das matriculacións, a dirección técnica do Padroado, á vista dos resultados da avaliación do curso anterior, emitirá un informe proposto sobre a creación, continuación, modificación ou supresión, no seu caso, da oferta formativa para o exercicio seguinte, elevándoo á Xunta do Padroado. Aprobada a oferta formativa para o curso seguinte, procederase á notificación das variacións e



modificacións de contrato ou convenios, no seu caso, ás empresas adxudicatarias dos servizos ou entidades con convenio.

O Padroado da Cultura dispón de dous grupos centrais, a Banda de gaitas e o Grupo de danza tradicional “Alxibeira”, que se nutren do alumnado con nivel máis avanzado das escolas de Danza tradicional, Gaita, Percusión e Pandeireta. Estes dous grupos centrais serven para a difusión da cultura tradicional así como a práctica e o perfeccionamento do nivel dos seus integrantes. A aceptación de formar parte destes dous grupos suporá tamén a obriga de participación no programa de actividades que desenvolvan a Banda de Gaitas e o Grupo Alxibeira, salvo causa xustificada.

A actividade das escolas e dos grupos centrais de gaitas e danza tradicional estará contemplada na proposta de programación da dirección técnica do Padroado, quedando suxeita á posterior aprobación polos órganos correspondentes do Padroado. Os gastos que esta actividade comporte deberán ser fiscalizados e tramitados de conformidade co procedemento administrativo aplicable na administración local.

2. NORMAS ESPECÍFICAS PARA CADA ESCOLA

2.1-ESCOLAS DE INSTRUMENTOS DO USO DOS INSTRUMENTOS

Sempre que as disponibilidades de instrumentos o permitan, o Padroado de Cultura, proporcionará aos/ás alumnos/as, das escolas de música do Padroado un instrumento en préstamo, que poderán levar ás súas casas para a práctica do mesmo ata o remate do curso ou que o alumno/a se dea baixa do curso.

O alumno/a será responsable dos danos ocasionados no instrumento polo mal uso ou negligencia no seu coidado, podendo o Padroado esixirlle o importe dos danos causados ou mesmo do instrumento se se produce a destrución total do mesmo.

2.2-ESCOLA DE GAITA

- Idade mínima requirida: 6 anos
- O alumnado comezará a aprendizaxe co uso da frauta, para pasar posteriormente ao manexo da gaita.
- Con independencia da idade, establécense dous niveis formativos: Iniciación e Perfeccionamento.
- O nivel de Iniciación corresponderá aos tres primeiros cursos na Escola. A partir do cuarto curso entenderase que o alumnado comeza no nivel de Perfeccionamento.
- Todos os alumnos e alumnas maiores de 12 anos que teñan cursado tres anos de iniciación e dous de perfeccionamento terán dereito a realizar unha proba para pasar a formar parte da Banda de Gaitas ou do Grupo Alxibeira. Anualmente daraselle publicidade ás datas da convocatoria das probas.

No suposto de producirse baixas na Banda de Gaitas antes da convocatoria, poderán convocarse probas extraordinarias para cubrir as vacantes.

- O Padroado da Cultura proporcionará, para a aprendizaxe unha gaita a cada un dos compoñentes da Banda, así como aos alumnos e alumnas da Escola, axustándose ao criterio de antigüidade, ata esgotar o número de instrumentos do que o Padroado dispón. O alumnado deberá devolver o instrumento cando cause baixa na actividade.

2.3- ESCOLA DE PERCUSIÓN



- Idade mínima requirida: 6 anos.
- Establécense dous niveis formativos: Iniciación, que comprenderá os tres primeiros cursos, e Perfeccionamento, a partir do cuarto curso.
- Todos os alumnos e alumnas maiores de 12 anos que teñan cursado tres anos de iniciación e dous de perfeccionamento terán dereito a realizar unha proba para pasar a formar parte, como percusionistas, da Banda de Gaitas e do Grupo Alxibeira. Anualmente daraselle publicidade ás datas da convocatoria das probas. No suposto de producirse baixas no grupo Alxibeira ou Banda de Gaitas antes da convocatoria, poderán convocarse probas extraordinarias ao fin de cubrir as vacantes
- O Padroado da Cultura proporcionará para a aprendizaxe, un instrumento de percusión (tambor, bombo) a cada alumno e alumna da Escola, así como aos percusionistas da Banda de Gaitas. O alumnado deberá devolver o instrumento cando cause baixa na actividade.

2.4- ESCOLA DE PANDEIRETA

- Idade mínima requirida: 5 anos.
- Establécense tres niveis formativos: Iniciación, Medio e Avanzado.
- O nivel de Iniciación comprenderá os tres primeiros cursos, o nivel medio os dous seguintes e a partir do quinto entenderase que o alumnado estará no nivel avanzado.
- Todas as alumnas maiores de 12 anos que teñan feito tres cursos de iniciación e dous de nivel medio terán dereito a realizar unha proba para pasar a formar parte das Pandeireteiras do Grupo Alxibeira e da Banda de Gaitas. Excepcionalmente, cando nalgún/ha alumno/a se observe un aproveitamento excepcional, poderán ser propostos polo monitor para os Grupos Centrais sen obriga de cumprir os prazos establecidos. Anualmente darase publicidade ás datas da convocatoria das probas. no suposto de baixas na Banda de Gaitas ou Grupo Alxibeira antes da convocatoria, poderán convocarse probas extraordinarias ao fin de cubrir as vacantes
- O alumnado de pandeireta deberá asistir ás clases co seu propio instrumento. O Padroado da Cultura proporcionará para a aprendizaxe unha pandeireta ás pandeireteiras da Banda de Gaitas e do Grupo Alxibeira.

2.5-ESCOLAS DE ZANFONA E DE ACORDEÓN

- Idade mínima: 8 anos.
- Establécense dous niveis formativos: Iniciación, que comprenderá os tres primeiros cursos, e Perfeccionamento a partir do cuarto.
- O Padroado da Cultura garantirá o uso dun instrumento aos alumnos/as no primeiro ano de iniciación, que poderá ser compartido entre varios alumnos/as. Excepcionalmente, se todos os instrumentos non fosen empregados polos alumnos do primeiro curso, terán dereito a utilizalos o alumnado de cursos posteriores.

2.6-ESCOLA DE CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS

- Idade mínima requirida: 16 anos.
- Establécense dous niveis formativos: Iniciación, que comprenderá os tres primeiros cursos, e Perfeccionamento, a partir do cuarto.
- Os instrumentos construídos no curso serán propiedade do Padroado da Cultura, e irán gravados co logo do Padroado.



-Os/as alumnos/as poderán solicitar a construción e arranxos dos seus propios instrumentos cumprindo os seguintes requisitos:

- Non se poderá facer máis de un instrumento por curso para uso propio.
- O alumnado terá que pedir permiso, indicando o instrumento que quere levar e a razón.
- O alumno/a terá que adquirir o instrumento construído polo valor dos materiais utilizados na súa construción ou amaño.
- Que a asistencia do/da alumno/a ás clases sexa dun 75% ou máis.
- Que a construción do instrumento que o/a alumno/a precise facer, non interrompa a programación das clases e a construción dos outros instrumentos.
- Para obter autorización para a realización dun instrumento propio, o/a alumno/a terá que construír polo menos dous instrumentos, indicados polo monitor, durante o curso, que quedarán a disposición do Padroado.
- O alumno/a, para adquirir o instrumento construído, deberá ingresar os cartos dos materiais do seu instrumentos nunha conta corrente do Padroado, especificando o nome do alumno/a e o instrumento.
- O prezo dos arranxos e dos instrumentos para o alumnado será o que determine a Ordenanza fiscal do Padroado.
- O Padroado resérvase o dereito de vender os excedentes dos instrumentos construídos polos prezos públicos que se aproben ao respecto.

2.7.- ESCOLA DE BAILE TRADICIONAL

-Idade mínima requirida: 5 anos.

- Establécense tres niveis formativos: Iniciación, que comprenderá os dous primeiros cursos, Nivel Medio, que constará de dous, e Nivel Avanzado a partir do quinto.

- Os alumnos e alumnas maiores de 11 anos que teñan feito dous cursos de iniciación e dous de nivel medio terán dereito a realizar unha proba para pasar a formar parte do Grupo Alxibeira.

Anualmente daraselle publicidade ás datas da convocatoria das probas. No suposto de baixas no Grupo Alxibeira antes da convocatoria, poderán convocarse probas extraordinarias ao fin de cubrir as vacantes

Excepcionalmente, poderán ser propostos para realizar dita proba alumnos e alumnas procedentes doutras disciplinas artísticas, sen obriga de cumprir os requisitos de cursar os niveis de iniciación e nivel medio.

- O Padroado da Cultura proporcionará os traxes e os instrumentos aos integrantes do Grupo Alxibeira, salvo a roupa branca e o calzado.

-A vestimenta cedida para o baile polo Padroado de Cultura gardarase nas dependencias habilitadas para iso no Pazo da Cultura.

Os integrantes do Grupo Alxibeira serán responsables dos danos ocasionados no vestiario polo mal uso ou negligencia no seu coidado, podendo o Padroado esixirlle o importe dos danos causados ou mesmo da prenda, de producirse a destrución total da mesma.

2.8.-ESCOLA DE TEATRO

A) Formación de actrices e actores:

- Idade mínima: 17 anos.



- Obxectivo: Formación integral dirixida a persoas interesadas no oficio da Interpretación.
- A formación escolar está ordenada en 3 niveis formativos (Acceso, 1º e 2º) nos que se adestran, segundo o curso, diversas materias que interveñen na Interpretación e o Teatro: Interpretación: Teoría e práctica do teatro; Voz e dicción; Teatro físico; Prácticas de posta en escena; Creatividade dramática; Música, canto e ritmo; Danzas, Historia do teatro; Linguaxe Audiovisual; Caracterización e vestiario; Espazo escénico; Luz, son e tremoia; Competencias e responsabilidades artísticas: Produción e distribución teatrais; Didáctica do teatro; Montaxe de espectáculos e mostras e exhibicións diante do público.
- O alumnado con experiencia ou formación teatral suficiente poderá, previa consideración da Escola, matricularse directamente en 1º curso.
- A asistencia habitual ás aulas e ensaios é imprescindible para a participación nas montaxes, mostras e calquera outra actividade pública da Escola de Formación de Actrices e Actores, así como para recibir documento acreditativo detallado da formación cursada, unha vez completado o percorrido formativo.

B) Obradoiros de teatro:

- Idade mínima: 4 anos.
- Obxectivo: Realización de actividades de Teatro, de carácter socio-educativo e de lecer, dirixidas ao conxunto da poboación.
- Para a constitución dun Obradoiro de Teatro requírese un mínimo de 10 persoas participantes inscritas.
- A actividade dos Obradoiros ordénase atendendo á idade dos grupos conformados: Infantís (entre 4 e 12 anos), Xuvenís (entre 13 e 17 anos), de Persoas adultas (a partir de 18 anos) e de Persoas maiores (a partir de 55 anos).
- Nos Obradoiros de Teatro Infantil e Xuvenil conformaranse os grupos, con carácter xeral, segundo tramos de idade (Infantís: 4 a 6, 7 a 10, 11 e 12. Xuvenís: 12 e 13, 14 e 15, 16 e 17).

2º.- Trasladar este acordo ao Concello Pleno para a súa aprobación, provisoria en primeira instancia, e definitiva tras pasar trinta días hábiles de exposición pública sen que houbera reclamacións, contados desde a publicación do anuncio no B.O.P.

VOTACIÓN

A proposta transcrita foi aprobada, en votación ordinaria, por maioría.

Votos en contra: 0

Abstencións: 1 (Dª Patricia Aneiros Freire)

Votos a favor: 10 (D. Guillermo Sánchez Fojo, Dª Teresa Sabio Rodríguez, D. Octavio Dopico Pérez, D. André Abeledo Fernández, D. Antonio López Anca, D. Xosé Francisco Roade Servia, Dª Mª Isabel Mouriz Prieto, D. Óscar Beceiro Hermida e D. Avelino Rouco Hermida e D. Manuel Pernas Rodríguez).